

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 23 DE XUÑO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e tres de xuño de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### 1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 16 xuño de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### 2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución do 1 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento SI461A). (Diario Oficial de Galicia número 116 do 15 de xuño de 2020).

- Resolución do 1 de xuño de 2020, de Augas de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento AU100A). (Diario Oficial de Galicia número 118 do 17 de xuño de 2020).

- Anuncio da Tesourería e Xestión de Tributos. Servizo de Xestión Tributaria da excma. Deputación provincial da Coruña, de exposición pública do padrón fiscal do IVTM 2020 imposto sobre vehículos de tracción mecánica. (Boletín Oficial da Provincia número 91, do 19 de xuño de 2020).

**3º. Proposta de baixa do vehículo marca Seat, modelo Altea, con placas de matrícula 5794GTZ, número de identificación VSSZZZ5PZAR026059, matriculado o 16 de marzo de 2010, que forma parte da flota de vehículos patrulla da Policía Local, e adxudicación á empresa “Desguaces Armonía S.L.” no prezo ofertado de 300 euros sen IVE (363 euros, IVE incluído). Expediente: 2020/G006/000076.**

Vista a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o informe emitido polo inspector da Policía Local con data do 12 de maio de 2020 no que fai constar que vehículo marca Seat, modelo Altea, con placas de matrícula 5794GTZ, número de identificación VSSZZZ5PZAR026059, matriculado o 16 de marzo de 2010, que forma parte da flota de vehículos patrulla da Policía Local, finalizou a súa vida útil (sendo o seu prezo inferior ao 25% do seu valor de adquisición, de conformidade co establecido no artigo 143.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas), polo que propón dar de baixa definitiva o vehículo e aceptar a oferta presentada pola entidade “Desguaces Armonía S.L.”, empresa autorizada para a xestión de vehículos ao final da súa vida útil, por importe de 363, IVE incluído.

Visto que consta no expediente copia da escritura número de protocolo 447, de 17 de marzo de 2014, de constitución da sociedade limitada, outorgada por don Juan Cora Guerreiro, copia da escritura número de protocolo 628, de 1 de abril de 2016, de poder mercantil a favor de don Francisco Insua Lema, DNI 76365917Y, outorgada por don Juan Cora Guerreiro.

Visto que consta, así mesmo, documento asinado dixitalmente por don Francisco Lema Ínsua no que se recolle a declaración responsable asinada polo apoderado conforme a empresa non está declarada en concurso, nin foi declarada insolvente en ningún procedemento, nin está suxeita a intervención xudicial nin foi inhabilitada conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, así como a oferta por un importe de 363 euros, IVE incluído.

Visto que o citado vehículo consta codificado no Inventario de Bens e Dereitos Municipal ao número 5.0.00017.

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral con data de 18 de xuño de 2020.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución da Alcaldía número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Clasificar o vehículo marca Seat, modelo Altea, con placas de matrícula 5794GTZ, número de identificación VSSZZZ5PZAR026059, matriculado o 16 de marzo de 2010, utilizado pola Policía Local de Cambre, como ben patrimonial coa consideración de efecto non utilizable, ao amparo do establecido no artigo 7, apartados 1 e 4, do Real Decreto 1372, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e 143.1 e 2 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

**Segundo:** Aceptar a oferta presentada pola empresa “Desguaces Armonía SL”, con CIF B70406434, e adxudicarlle a eliminación e tratamento residual do citado vehículo no prezo ofertado de 363 euros, IVE incluído (300 euros sen IVE), debendo remitir a este Concello certificado de destrución e xustificante da baixa anotada na Dirección Xeral de Tráfico.

O ingreso deberá ser comunicado ao Concello de Cambre por calquera medio que permita a súa constancia e realizarse en calquera das seguintes contas bancarias indicando no concepto “*baixa vehículo C8577BL policía local*”:

BBVA .....IBAN ES79 0182-6244-4500-1000-0306



Caixabank .....IBAN ES56 2100-2459-1402-0000-0804  
Banco de Santander.....IBAN ES13 0049-3063-3721-1400-3540  
Banco Pastor ..... IBAN ES44 0238-8125-5606-6000-0173  
Abanca. ....IBAN ES10 2080-5531-0931-1000-0158

**Terceiro:** Dar traslado da presente resolución, a través da plataforma electrónica TEDeC, á técnica de xestión de administración xeral adscrita á área de Secretaría co fin de que tramite a incorporación da presente resolución ao Inventario de Bens e Dereitos deste Concello, procedendo á baixa do citado vehículo.

**Cuarto:** Dar traslado a través da plataforma electrónica TEDeC á Tesourería e Intervención Municipais, á Policía Local e ao departamento de Réxime Interior.

**Quinto:** Notificar á empresa adxudicataria, indicándolle que esta resolución, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 12 ao 18 de xuño do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Servizos e Seguridade Cidadá número 764/2020 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Socioeconómico número 793/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
764/2020	12-06-2020	Adhesión ao convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a posta en marcha do programa para o control da COVID-19 nos efectivos da Policía local dos concellos galegos
765/2020	12-06-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 16 de xuño de 2020
766/2020	12-06-2020	Conceder a licenza municipal para levar a cabo a ampliación e desenvolvemento da rede de comunicacións electrónicas na rúa Graduil, Cambre. Solicitante: TdeE, S.A.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

767/2020	12-06-2020	Aprobación da Axenda de verán 2020
768/2020	12-06-2020	Reposición legalidade urbanística por realización de obras en edificación sita en Estrada de Espírito Santo, Cecebre sen comunicación previa ou licenza presentada. Propiedade:JFPR
769/2020	12-06-2020	Expediente sancionador por realización de obras en edificación sita en Estrada de Espírito Santo, Cecebre sen comunicación previa ou licenza presentada. Propiedade:JFPR
770/2020	12-06-2020	Concesión de autorización para o exercicio da venda ambulante de cereixas en vehículo tenda. Solicitante:RMGG
771/2020	12-06-2020	Expediente de transferencia de crédito núm. 3/2020. Subvencións a asociacións empresariais
772/2020	12-06-2020	Solicitud de acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Xan Faba, Sigrás. Propiedade: CTG
773/2020	12-06-2020	Reposición legalidade urbanística por realización de obras de reconstrución de cuberta en vivenda sita na Xira, Sigrás. Propiedade: MDSF
774/2020	12-06-2020	Nomeamento de encargado de obras interino para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada
775/2020	15-06-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MEG
776/2020	15-06-2020	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 18 de xuño de 2020
777/2020	15-06-2020	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de maio de 2020 e o seu pagamento
778/2020	15-06-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MJBM
779/2020	16-06-2020	Expediente de transferencia de crédito núm. 4/2020. Cámara térmica Protección civil
780/2020	16-06-2020	Desestimento axuda recibo auga de MJBB
781/2020	16-06-2020	Solicitud de subvención destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas
782/2020	16-06-2020	Aprobación do cadro de vacacións para o ano 2020 dos empregados públicos do Concello de Cambre
783/2020	17-06-2020	Celebración voda civil de PRM e AVT o 27 de xuño ás 12,30h
784/2020	17-06-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JMGL
785/2020	17-06-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JMSM
786/2020	18-06-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 117.579,30 euros
787/2020	18-06-2020	Non admisión a trámite da reclamación de indemnización por importe de 285,00 euros, polas lesións sufridas debido, segundo indica, á unha caída no paso de peóns que atravesaba a AP-9, no Temple, o día 25 de xullo de 2019, sobre as 19:00 h

788/2020	18-06-2020	Aprobación de gastos e facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 34.492,06 €
789/2020	18-06-2020	Proposta de aprobación de cotas de amortización e xuros dos préstamos vixentes do Concello de Cambre do segundo trimestre de 2020.
790/2020	18-06-2020	Subministración de material de limpeza para pavillóns polideportivos
791/2020	18-06-2020	Campaña de dinamización comercial do Nadal 2020 - 2021
792/2020	18-06-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
793/2020	18-06-2020	Solicitude de adhesión ao programa Son de Bar do Concello de Cambre: O Rodil

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adjudicación do “Servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais “Daniel Mallo Castro” de Cambre, “A Barcala-Lendoiro” e “Os Pinares” de Brexo-Lema”, a prol da empresa “Osventos Innovación en Servizos, S.L.”, no prezo ofertado de 315.750,00 euros sen IVE (382.057,50 euros IVE incluído)  
Expte: 2020/C004/000006

- Proposta de devolución da garantía definitiva depositada como consecuencia da modificación do contrato para o servizo de “Organización e desenvolvemento de campamentos urbanos nos períodos vacacionais escolares” á empresa *Xestión Cultural Aurea, S.L.* Expediente 2016/C004/000012

- Retención da factura do mes de xuño de 2020 correspondente ao servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais “Daniel Mallo Castro” de Cambre, “A Barcala-Lendoiro” e “Os Pinares” de Brexo-Lema. Expediente núm. 2016/C004/000003

- Resolución do contrato suscrito coa entidade “Pumbariño, S.L.”, para a organización e realización da “Xuntanza do maior” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020. Expediente núm. 2019/C004/000016

- Proposta de mantemento das prórrogas dos contratos dos Lotes 1, 2 e 5 do expediente 2019/C004/000012 de Organización do mercado galaico-romano “Galaicoi” e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da IV Romaría Galaico-Romana “Galaicoi” a celebrar no Concello de Cambre. Expediente núm. 2019/C004/000012 (lotes 1, 2 e 5)

- Proposta de mantemento das prórrogas do contrato do Lote 2 do expediente 2019/C004/000013 do servizo de realización de actividades de recreación e teatrais durante a IV Romaría Galaico-Romana “Galaicoi”, a celebrar no Concello de Cambre. Expediente núm. 2019/C004/000013 (lote 2)

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

**A) Proposta de adjudicación do “Servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais “Daniel Mallo Castro” de Cambre, “A Barcala-Lendoiro” e “Os Pinares” de Brexo-Lema”, a prol da empresa “Osventos Innovación en Servizos, S.L.”, no prezo ofertado de 315.750,00 euros sen IVE (382.057,50 euros IVE incluído). Expte: 2020/C004/000006**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C004/000006 para a adxudicación, por procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e con tramitación ordinaria (cun único criterio de adxudicación, factor prezo) do “Servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais “Daniel Mallo Castro” de Cambre, “A Barcala-Lendoiro” e “Os Pinares” de Brexo-Lema”, cun orzamento base de licitación de 413.884,18 euros IVE incluído.

Vista a valoración do único criterio contemplado na cláusula 13.2. b) do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa polos licitadores), que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 4 de xuño de 2020, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente coa mesma data, 4 de xuño de 2020, a prol do licitador “Osventos Innovación en Servizos, S.L.”, no prezo ofertado de 382.057,50 euros IVA incluído (315.750,00 euros sin IVA), por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de valoración que consta na cláusula 13.2. b) do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa polo licitador), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de dez días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e financeira e maila solvencia técnica, segundo informe do animador deportivo municipal de data do 19 de xuño de 2020.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 22 de xuño de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 158/2020 emitido polo interventor da Corporación coa mesma data do 22/06/2020.

Á vista do establecido na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto no artigo 150 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas do 27 de maio e 4 de xuño de 2020, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos “B : Documentación administrativa” coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, tendo achegado debidamente cubertas a declaración responsable DEUC, así como o documento “Outras declaracións” conforme ás condicións e requisitos establecidos na cláusula 10.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares:

- Eulen Centro Especial de Empleo, S.A.
- Deportes y Contratas, S.L.
- Osventos Innovación en Servizos, S.L.

- Edifica Vías e Infraestructuras, S.L.
- Serviplus total, S.L.

**Segundo:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do día 4 de xuño de 2020, a seguinte valoración das proposicións presentadas, coa puntuación correspondente ás ofertas económicas, así como o límite das ofertas anormalmente baixas, que queda establecido naquelas inferiores a 307.655,25 euros sen IVE, sen que ningunha das presentadas incurra en tal circunstancia :

LICITACIÓN (MÁX.) 3 años		VALOR ESTIMADO 4 años
TOTAL S/I	342.053,04 €	456.070,72 €
TOT. CON IVE	413.884,18 €	

EDIFICA, VÍAS E INFRAESTRUCTURAS, S.L.		EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A.		SERVIPLUSTOTAL, S.L.	
TOTAL S/I	342012,00	TOTAL S/I	322500,00	TOTAL S/I	341850,00
TOTAL C/I	413834,52	TOTAL C/I	390225,00	TOTAL C/I	413638,50
BAIXA	41,04	BAIXA	19553,04	BAIXA	203,04
BAIXA%	0,01	BAIXA%	5,72	BAIXA%	0,06
PUNTOS	0,16	PUNTOS	74,34	PUNTOS	0,77

DEPORTES Y CONTRATAS, S.L.		OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.	
TOTAL S/I	326100,00	TOTAL S/I	315750,00
TOTAL C/I	394581,00	TOTAL C/I	382057,50
BAIXA	15953,04	BAIXA	26303,04
BAIXA%	4,66	BAIXA%	7,69
PUNTOS	60,65	PUNTOS	100,00

BAIXA MÁX.	26303,04	MEDIA OFERT.	329642,40
		Temeraria baixa	307655,25
		Temeraria alta	351629,55

**Terceiro:** Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta o único criterio de adxudicación que consta na cláusula 13.2. b) do prego de cláusulas administrativas particulares, sen que ningunha das ofertas presentadas incorra en presunción de resultar anormalmente baixa:

	EMPRESA	Puntuación
1ª	Osventos Innovación en Servicios, S.L.	100,00
2ª	Eulen Centro Especial de Empleo, S.A.	74,34
3ª	Deportes y Contratas, S.L.	60,65
4ª	Serviplus total, S.L.	0,77

5ª	Edifica, Vías e Infraestructuras, S.L.	0,16
----	--	------

**Cuarto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 4 de xuño de 2020, adjudicar o “Servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais “Daniel Mallo Castro” de Cambre, “A Barcala-Lendoiro” e “Os Pinares” de Brexo-Lema” a prol da empresa “Osventos Innovación en Servizos, S.L.”, con NIF B7049\*\*\*\*e domicilio na rúa República Checa nº 40, Polígono de Costa Vella, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), no prezo total ofertado de 382.057,50 euros IVE incluído (315.750,00 euros sen IVE), por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de valoración que consta na cláusula 13.2. b) do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa polo licitador), e ter presentado no prazo de 10 días hábiles a documentación requirida na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 150.2 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

As características da proposición do adjudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación se atopan no prezo ofertado, ao ser éste o único criterio establecido para a adjudicación do contrato.

**Quinto:** Por atoparnos ante un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación consonte ao artigo 44 e 153 LCSP, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adjudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxese recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adjudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

O adjudicatario presentará, antes da firma do contrato, os documentos relativos ao **seguro de responsabilidade civil** a que se refire a cláusula 24.2, do prego de cláusulas administrativas particulares.

Ademáis, e de conformidade co establecido na cláusula 16.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, dentro do prazo dos cinco días hábiles seguintes á formalización do contrato, o responsable do contrato deberá comprobar que o contratista presentou os **contratos formalizados** cos traballadores/as que deben ser obxecto de subrogación e mailas **certificacións negativas do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais**, así como a **documentación a que se refire a cláusula Segunda, apartado 2, do Prego de prescricións técnicas**, ( relación nominal do seu persoal que destinará a cada instalación, no que se detalle o lugar e horario de traballo, e relación nominal de todos os traballadores de forma trimestral -antiguo TC2 da Tesourería General da Seguridade Social).

A formalización do contrato publicarase, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a quince días no Perfil de Contratante, debendo publicarse o anuncio de formalización, ademáis, no “Diario Oficial de la Unión Europea” (art. 154 LCSP).

**Sexto:** Nomear como responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal, de conformidade co establecido na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis no artigo 62 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notificar os presentes acordos aos licitadores participantes e publicar no prazo de quince días a adjudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector



Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, contra os mesmos, cabe a interposición de recurso potestativo especial en materia de contratación, previo á interposición do contencioso-administrativo, iso de conformidade co establecido no art. 44., apartados 1.a) e 2. c) da LCSP e cláusula 32.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato.

O recurso poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles (art. 50 LCSP e Disposición Adicional décimo quinta da Lei 9/2017 de contratos do sector público ), a contar desde o día seguinte ao do aviso de posta ao dispor da notificación a través da plataforma Notifica. gal, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme ao establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da Lei 9/2017, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, <https://sede.cambre.es>

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, *"pola que se establecen os formularios normalizados que se van a empregar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público"* (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica **[https:// tacgal. xunta. gal/ procedementos\\_é.html](https://tacgal.xunta.gal/procedementos_e.html)**. En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, infórmaselles de que antes de interpoñer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso, poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adjudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

A tramitación as medidas provisionais substanciarase conforme ao disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-

Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Oitavo:** Notifíquese ao responsable do contrato, e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de devolución da garantía definitiva depositada como consecuencia da modificación do contrato para o servizo de “Organización e desenvolvemento de campamentos urbanos nos períodos vacacionais escolares” á empresa Xestión Cultural Aurea, S.L. Expediente 2016/C004/000012**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 17 de xullo de 2017, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Xestión Cultural Aurea, S.L.*, para o servizo de “*Organización e desenvolvemento de campamentos urbanos nos períodos vacacionais escolares*”. Expediente 2016/C004/000012.

Visto que con data 25 de xuño de 2019, asinouse a modificación de dito contrato para adaptar o seu obxecto ao aumento da demanda social das actividades, o que supuxo un incremento de 6 monitores por un prezo de 3.465 € a maiores, sendo o prezo total de adxudicación 140.190,87 € IVE incluído.

Visto que, como consecuencia da modificación do contrato, con data 21 de xuño de 2019 e número de rexistro 886, a empresa *Xestión Cultural Aurea, S.L.* depositou na Tesourería municipal a correspondente garantía por importe de 157,50 euros.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, con data do 23 de xaneiro de 2020.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 20 de maio de 2020.

Visto que pola Xunta de Goberno Local con data 9 de xuño de 2020 acordouse a devolución da garantía definitiva sen facer referencia ao reaxuste da garantía como consecuencia da modificación do contrato.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 223.3 e 307 do R.D. 3/2011 polo que se aproba o texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, e maila Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada como consecuencia da modificación do contrato pola entidade “Xestión Cultural Aurea, S.L.” con CIF B3639.... e enderezo na Avda. Luis Rocafort, nº 47, primeiro dereita, 36960, Sanxenxo, (Pontevedra) no expediente número 2016/C004/000012, para o servizo de “Organización e desenvolvemento de campamentos urbanos nos períodos vacacionais escolares” .

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Retención da factura do mes de xuño de 2020 correspondente ao servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais “Daniel Mallo Castro” de Cambre, “A Barcala-Lendoiro” e “Os Pinares” de Brexo-Lema. Expediente núm. 2016/C004/000003**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 5 de xuño de 2020 rexistrouse de entrada ao número 0/1711, o Decreto de data 2 de xuño de 2020, ditado no procedemento ordinario 0000347/2020 seguido ante o Xulgado do Social número 4 da Coruña, polo que se admite a trámite a demanda presentada por don Carlos Óscar Pérez Vilariño, don José Luis Fernández Vigo, don José Antonio Golpe Miño, don José Antonio Vázquez Marcos, don Braulio Manuel González Mel e don Luis Miguel Valeiro Salgado, no que formulan demanda en materia de cantidade contra a empresa “Expertus Multiservicios, S.A.”, Lexaudit Concursal S.L.P. e Concello de Cambre, e cítase ás partes para que comparezan o 11 de abril de 2023, ás 9:30 horas, para a celebración do acto de conciliación.

Expoñen que prestan os servizos de conserxería e limpeza nos campos de fútbol municipais para a empresa demandada “Expertus Multiservicios, S.A.”, e que a dita empresa lles adebeda a nómina do mes de novembro de 2019, xunto cos atrasos e horas de nocturnidade que relacionan para cada un dos traballadores, sendo a débeda total dos seus traballadores de 8.538,80 euros.

Tal e como se fixo constar polos funcionarios informantes en escrito emitido con data 22 de abril de 2020 respecto da posibilidade de incautación da garantía definitiva depositada no seu día por "Expertus Multiservicios, S.A.", no presente suposto, aínda cando estamos ante unha contratación verbal prohibida polo ordenamento xurídico, dado que o contrato con "Expertus Multiservicios, S.A." finalizou o 30 de setembro de 2018 polo que a relación que podemos considerar de "boa fe" entre ambas partes non despreza ningún efecto respecto do recoñecemento dunha posición xurídica con contido obrigacional, tamén é certo que das conversas mantidas cun representante da administración concursal, non existe inconveniente para que polo Concello de Cambre se proceda á retención da factura correspondente ao mes de xuño actual e aboe as cantidades que se adebedan aos traballadores, tendo en conta que o concello si aboou no seu día á empresa "Expertus Multiservicios, S.A." a factura correspondente ao mes de novembro de 2019, todo isto de conformidade co establecido no artigo 130.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo cal:

"Neste caso, a Administración, unha vez acreditada a falta de pago dos citados salarios, procederá á retención das cantidades debidas ao contratista para garantir o pago dos citados salarios, e a non devolución da garantía definitiva en tanto non se acredite o aboamento destes."

Visto o informe emitido pola secretaria xeral e mailo interventor municipal, de data 22 de xuño de 2020.

Tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Vista a demanda ante o Xulgado do Social número 4 da Coruña, procedemento ordinario 0000347/2020, presentada polos traballadores que prestan os servizos de conserxería e limpeza nos campos de fútbol municipais, pola que formulan demanda en materia de cantidade contra a empresa "Expertus Multiservicios, S.A.", "Lexaudit Concursal, S.L.P." e "Concello de Cambre", motivado en que a dita empresa lles adebeda a nómina do mes de novembro de 2019, xunto cos atrasos e horas de nocturnidade que relacionan para cada un dos traballadores, sendo a débeda total dos seis traballadores de 8.538,80 euros, acórdase reter a factura correspondente ao mes de xuño pola prestación do servizo e efectuar, con cargo a esta, o aboamento das cantidades que se lles adebedan.

**Segundo:** Notifíquese a "Lexaudit Concursal, S.L.P.- Administración concursal do Grupo Expertus", facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notifíquese á Intervención e a Tesourería municipais para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Resolución do contrato suscrito coa entidade “Pumbariño, S.L.”, para a organización e realización da “Xuntanza do maior” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020. Expediente núm. 2019/C004/000016**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“No Concello de Cambre tramitouse o expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000016 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), do servizo de “Organización e realización da *Xuntanza do Maior* a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020”, cun orzamento base de licitación de 31.348,86 € e 36.635,14 euros IVE incluído.

O obxecto do contrato consiste nun servizo de organización e desenvolvemento dunha comida e posterior baile, para 750 comensais (700 deles incluídos dentro do colectivo da terceira idade do Concello de Cambre, e o resto das prazas correspondente a persoal de apoio e representantes institucionais), baixo a denominación *Xuntanza do Maior* , que ten lugar o primeiro domingo do mes de outubro de cada un dos dous anos que abarca o período temporal deste contrato.

Con data do 24 de setembro de 2019, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar o servizo á empresa *Pumbariño, S.L.* con CIF B32419137 e domicilio en Estrada de Ourense-A Mezquita 4 A- 32830 A Merca (Ourense), no prezo ofertado, para os dous anos de contrato, de 34.912,14 € IVE incluído, 30.947,86 € sen IVE, por ser a única entidade cuxa proposición cumpre os requisitos de procedemento e non atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

A empresa aceptou a adxudicación mediante escrito presentado con data do 26 de setembro de 2019, rexistrado na sede electrónica do Concello de Cambre ao número 201999900001506.

Realizada a prestación do obxecto do contrato correspondente á anualidade 2019, con data do 30 de decembro de 2019 asínase pola coordinadora de Servizos Sociais municipal, quen foi designada responsable do contrato segundo a cláusula 17 do PCAP, un informe no que fai referencia á existencia de numerosas deficiencias na execución da *Xuntanza* que tivo lugar o día 6 de outubro de 2019, e que afectan ás seguintes prestacións:

1. Detalles (agasallos de protocolo)
2. Persoal
3. Comida e servizo
4. Orquestra

En concreto, a responsable do contrato indica que :

- Incumprimento da Cláusula segunda do prego de prescricións técnicas, punto 24, respecto dos agasallos de protocolo que se entregaron aos participantes na *Xuntanza*, toda vez que tal e como figura na citada cláusula segundo transcripción literal “*A empresa adxudicataria encargará 750 detalles coa inscrición: “xxx Xuntanza do Maior. Servizos Sociais. Cambre 201 xx”, previamente elixidos polo persoal político e técnico de servizos sociais.*”: A inscrición que debería figurar nas cuncas só foi nunha parte delas, xa que había outra parte de cuncas nas que aparecían outras inscricións: - XIII *Xuntanza do amor*” - XIII

### Xuntanza dous maiores”

- Incumprimento da Cláusula segunda do PPT respecto do menú e da prestación do servizo: Respecto do segundo prato, consistente nunha lacoada, serviuse excesivamente salgada e crúa, o cal provocou que máis de 400 pratos foran devoltos (sobre un total de 700 persoas do colectivo ao cal estaba dirixido o obxecto do contrato, e 15 persoas en calidade de representantes institucionais invitadas), ademais de fría, presenza de vermes nos pratos de comida (constando fotografías ao respecto); respecto do postre, consistente en torta *milhoja* e queixo do país con membrillo ou similar, en vez do queixo do país serviuse queixo fresco de Burgos; o servizo de camareiros/as foi lento e desordenado, e ante as chamadas de atención dos participantes, algúns dos camareiros tiveron unha actitude pouco respectuosa cara aos comensais.
- Incumprimento da Cláusula segunda do PPT, punto 28, respecto da actuación da orquestra que debía actuar á terminación da comida, na franxa horaria de 16:30 a 20:00 horas, cun descanso de media hora, sendo a duración total de 3 horas, tal e como se establecía na citada cláusula: Ademais de que a orquestra tocou de 16:30 a 19:00 horas, é dicir, 2 horas e media en vez de 3, como consecuencia da descoordinación e ralentización ao servir a comida, que concluíu co postre pasadas as 17.30 horas, os comensais só puideron desfrutar do baile unha hora e media.
- Incumprimento das obrigas esenciais do contrato, definidas como tales na cláusula 16.1.11 (acreditación de dispoñer dos medios persoais e materiais necesarios para a execución do contrato), e 18.A (obriga de empregar no cadro de persoal que executará o contrato a unha persoa con especiais dificultades de acceso ao mercado laboral): Non se achegaron os contratos ou a alta previa na Seguridade Social das persoas adscritas á prestación do servizo, que debían entregarse no Departamento de Contratación o día anterior ao inicio do servizo, aínda cando, tal e como consta no informe da responsable do contrato, déuselles todas as facilidades para que incluso o achegaran ao día seguinte da celebración do evento porque coincidía en domingo, xa que o representante a informou de que os ían dar de alta o mesmo día da Xuntanza; non se acreditou a obriga do adxudicatario de empregar no cadro de persoal que executou o contrato a 1 persoa con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo, definidas polo Servizo Público de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e tampouco se achegou copia do carné de manipulador de alimentos en vigor do persoal que prestou o servizo, sen que os ditos documentos consten, a día de hoxe, no expediente de contratación incoado.

A coordinadora de Servizos Sociais, como responsable do contrato, conclúe que todas estas deficiencias na execución do contrato causaron un grave dano á imaxe do concello como institución, e máis en concreto á Concellería de Benestar Social, dada a transcendencia social do incumprimento, ao tratarse da segunda actividade organizada polo concello máis importante en canto a participantes, tendo en conta que en todas as convocatorias se cobren as 700 prazas ofertadas, quedando unha lista de agarda importante, de media de 30/40 persoas.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral e mailo interventor municipal, de data 22 de xuño de 2020.

Tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade co establecido nos artigos 190, 192.2 e 211.1 f), parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e Cláusulas 16.1.11, 18 e 20 do Prego de cláusulas administrativas particulares, incoar expediente para a resolución do contrato suscrito coa empresa “*Pumbariño, S.L.*”, con NIF B32419137 e domicilio na Estrada de Ourense nº 4, A Mezquita, 32838 A Merca

(Ourense), adxudicataria do expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000016 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), do servizo de “Organización e realización da *Xuntanza do Maior* a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020”, con base nos seguintes motivos:

**a)** Por cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato (art. 192.2 LCSP e Cláusula 20 do PCAP), de extrema gravidade, tendo en conta o dano producido á imaxe do Concello como institución, pola transcendencia social do número de persoas participantes (750 persoas):

- Incumprimento da Cláusula segunda do prego de prescricións técnicas, punto 24, respecto dos agasallos de protocolo que se entregaron aos participantes na Xuntanza, toda vez que tal e como figura na citada cláusula segundo transcrición literal “*A empresa adxudicataria encargará 750 detalles coa inscrición: “xxx Xuntanza do Maior. Servizos Sociais. Cambre 201 xx”, previamente elixidos polo persoal político e técnico de servizos sociais.*”: A inscrición que debería figurar nas cuncas só foi nunha parte delas, xa que había outra parte de cuncas nas que aparecían outras inscricións: - XIII Xuntanza do amor” - XIII Xuntanza dous maiores”
- Incumprimento da Cláusula segunda do PPT respecto do menú e da prestación do servizo: Respecto do segundo prato, consistente nunha lacoada, serviuse excesivamente salgada e crúa, o cal provocou que máis de 400 pratos foran devoltos (sobre un total de 700 persoas do colectivo ao cal estaba dirixido o obxecto do contrato, e 15 persoas en calidade de representantes institucionais invitadas), ademais de fría, presenza de vermes nos pratos de comida (constando fotografías ao respecto); respecto do postre, consistente en torta *milhoja* e queixo do país con membrillo ou similar, en vez do queixo do país serviuse queixo fresco de Burgos; o servizo de camareiros/as foi lento e desordeado, e ante as chamadas de atención dos participantes, algúns dos camareiros tiveron unha actitude pouco respectuosa cara aos comensais.
- Incumprimento da Cláusula segunda do PPT, punto 28, respecto da actuación da orquestra que debía actuar á terminación da comida, na franxa horaria de 16:30 a 20:00 horas, cun descanso de media hora, sendo a duración total de 3 horas, tal e como se establecía na citada cláusula: Ademais de que a orquestra tocou de 16:30 a 19:00 horas, é dicir, 2 horas e media en vez de 3, como consecuencia da descoordinación e ralentización ao servir a comida, que concluíu co postre pasadas as 17.30 horas, os comensais só puideron desfrutar do baile unha hora e media.

**b)** Por incumprimento das obrigas esenciais do contrato [art. 211.1 f) parágrafo segundo, da LCSP, e Cláusulas 16.1.11 e 18 do PCAP]:

- Non se achegaron os contratos ou a alta previa na Seguridade Social das persoas adscritas á prestación do servizo, que debían entregarse no Departamento de Contratación o día anterior ao inicio do servizo, aínda cando, tal e como consta no informe da responsable do contrato, déuselles todas as facilidades para que incluso o achegaran ao día seguinte da celebración do evento porque coincidía en domingo, xa que o representante a informou de que os ían dar de alta o mesmo día da Xuntanza.
- Non se acreditou a obriga do adxudicatario de empregar no cadro de persoal que executou o contrato a 1 persoa con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo, definidas polo Servizo Público de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e tampouco se achegou copia do carné de manipulador de alimentos en vigor do persoal que prestou o servizo, sen que os ditos documentos consten, a día de hoxe, no expediente de contratación incoado.

**Segundo:** Conceder audiencia ao contratista polo prazo de **dez días naturais** a contar dende o seguinte ao do envío da notificación da presente resolución e publicación simultánea no mesmo día no Perfil do Contratante do concello, para que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

**Terceiro:** Incoar expediente para a liquidación do contrato e aboamento ao contratista do servizo prestado conforme co establecido no prego de prescricións técnicas que serviron para a súa adxudicación, isto de conformidade co establecido no artigo 313.2 da LCSP.

**Cuarto:** Notificar os anteriores acordos á entidade adxudicataria, facéndolle saber que por tratarse dun acto de trámite non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas .

**Quinto:** Notificar aos Departamentos de Servizos Sociais e Intervención Municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**E) Proposta de mantemento das prórrogas dos contratos dos Lotes 1, 2 e 5 do expediente 2019/C004/000012 de Organización do mercado galaico-romano "Galaicoi" e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da IV Romaría Galaico-Romana " Galaicoi" a celebrar no Concello de Cambre. Expediente núm. 2019/C004/000012 (lotes 1, 2 e 5)**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Por resolución nº 401/2019 do concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, de data 28 de febreiro de 2019 apróbase a actividade, desenvolvemento e orzamento da IV Romaría Galaico Romana 2019 “Galaicoi.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día 12 de xullo de 2019, adoptou, entre outros, os seguintes acordos de adxudicación dos lotes nºs 1, 2 e 5 no expediente nº 2019/C004/000012, para execución do “contrato mixto de servizos e subministros para a organización do mercado galaico - romano “Galaicoi” e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da IV romaría galaico - romana “GALAICOI” a celebrar no Concello de Cambre”, ás entidades que seguidamente se relacionan:

- Lote nº 1: Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaicoromano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da Romaría, á empresa “Espectáculos A. M. B. Producciones, S.L.”, con NIF B96897236 e domicilio na rúa San Martín nº 25, 46970 Alaquás (Valencia), no prezo ofertado para o ano 2019, co compromiso de mantelo para o caso de que se acordase a prórroga contractual ao ano 2020, de 19.600,00 euros sen IVE (23.716,00 euros IVE incluído).
- Lote nº 2: Alugueiro, instalación, mantemento e retirada de servizos sanitarios químicos, á empresa “Suministros Generales Manufacturados, S.L.”, con NIF B15009681 e enderezo na rúa Perpetuo Socorro nº 1, baixo, 15006 A Coruña, no prezo ofertado para o ano 2019, co compromiso de mantelo para o caso de que se acordase a prórroga contractual ao ano 2020 , de 1.100 euros sen IVE (1.331,00 euros IVE incluído).
- Lote nº 5: Servizos de sonorización e iluminación para a Romaría e para as representacións teatrais, á empresa “Fluge Galicia, S.L.”, con NIF B87037883 e enderezo na Avenida de la Técnica nº 13, 28522 Rivas - Vaciamadrid, (Madrid), polo prezo ofertado para o ano 2019, co compromiso de mantelo para o



caso de que se acordase a prórroga contractual ao ano 2020, de 4.545,00 euros sen IVE (5.499,45 euros IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 26 de decembro de 2019, adoptou, entre outros, os seguintes acordos de prórroga á anualidade 2020 dos contratos subscritos para a organización do mercado galaico - romano "Galaicoi" e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da IV romaría galaico - romana "GALAICOI" a celebrar no Concello de Cambre, correspondentes aos lotes nºs 1, 2 e 5 do expediente: 2019/C004/000012:

- Primeiro: aprobar a prórroga á anualidade 2020 do contrato subscrito con data do 16 de xullo de 2019 coa entidade "Espectáculos A.M.B. Producciones, S.L.", para o lote nº 1 do expediente 2019/C004/000012 (Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico - romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da Romaría).
- Segundo: aprobar a prórroga á anualidade 2020 do contrato subscrito con data do 17 de xullo de 2019 coa entidade "Suministros Generales Manufacturados, S.L. (Sugema S.L.)", para o lote nº 2 do expediente 2019/C004/000012 (Alugueiro, instalación, mantemento e retirada de servizos sanitarios químicos durante o desenvolvemento da Romaría).
- Terceiro: aprobar a prórroga á anualidade 2020 do contrato subscrito con data 17/07/2019 coa entidade "Fluge Galicia S.L.", para o lote nº 5 do expediente 2019/C004/000012 (Servizo de sonorización e iluminación para a Romaría e para as representacións teatrais programadas no Anfiteatro durante a súa celebración).

A crise sanitaria ocasionada polo Covid - 19 motivou a declaración do estado de alarma, establecéndose medidas de contención en diversos ámbitos, manténdose algunhas destas na actualidade, facendo imposible a celebración da edición correspondente ao ano 2020 da Romaría Galaico Romana "Galaicoi" nas datas inicialmente previstas e desaconsellándose, polo incerto da evolución da pandemia, un posible adiamento da Romaría para a súa celebración nos próximos meses de 2020.

Dende a Concellería de Turismo e Patrimonio do Concello Cambre solicitóuselle ás empresas adxudicatarias que puxesen de manifesto a súa conformidade co mantemento do contrato, no caso de que a Romaría Galaico Romana "Galaicoi" puidera celebrarse no vindeiro ano 2021, en datas similares ás que viñan realizándose ata o de agora, en igualdade de condicións, conforme ás ofertas presentadas, nas mesmas condicións e dando cumprimento aos requirimentos precisos para a súa execución, achegando no momento oportuno a documentación acreditativa do cumprimento das condicións acreditativas da capacidade para contratar coa administración e da dispoñibilidade dos medios precisos para a execución do contrato que dende o Concello lle fora solicitada.

As empresas indicadas manifestaron a súa vontade de executar os contratos dos que eran adxudicatarias, conforme ás ofertas presentadas, nas mesmas condicións e dando cumprimento aos requirimentos precisos para a súa execución, comprometéndose a achegar no momento oportuno a documentación acreditativa do cumprimento da súa capacidade para contratar coa administración e da dispoñibilidade dos medios precisos para a realización dos contratos que dende o Concello lle fora solicitada.

Visto o informe emitido polo técnico en promoción económica, de data 22 de xuño de 2020, no que se propón manter as prórrogas dos citados contratos para o ano 2021, tendo en conta que isto supón manter o dereito das empresas adxudicatarias á prestación dos servizos ou a realización das subministracións que tiñan contratadas nas mesmas condicións, e xa que tamén supón unha axilización na tramitación administrativa, un incuestionable aforro en termos de tempos de tramitación e, por conseguinte, unha mellora na eficiencia e na eficacia da xestión dos recursos públicos.

Tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Manter a prórroga do contrato de «*Organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da Romaría galaico - romana "Galaicoi" (lote nº 1)*» á empresa "**Espectáculos A.M.B. Producciones, S.L.**", para o ano 2021, para o caso de que a Romaría poda celebrarse, de conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da "Organización do mercado galaico - romano Galaicoi e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da IV Romaría Galaico - Romana Galaicoi", conforme á oferta presentada pola empresa e nas mesmas condicións.

**Segundo:** Manter a prórroga do contrato de "*Alugueiro, instalación, mantemento e retirada de servizos sanitarios químicos durante o desenvolvemento da romaría (lote nº 2)*" á empresa "**Suministros Generales Manufacturados, S.L. - Sugema S.L.**", para o ano 2021, para o caso de que a Romaría poda celebrarse, de conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da "Organización do mercado galaico - romano Galaicoi e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da IV Romaría Galaico - Romana Galaicoi", conforme á oferta presentada pola empresa e nas mesmas condicións.

**Terceiro:** Manter a prórroga do contrato dos "*Servizos de sonorización e iluminación para a Romaría e para as representacións teatrais (lote nº 5)*" á empresa "**Fluge Galicia, S.L.**", para o ano 2021, para o caso de que a Romaría poda celebrarse, de conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da "Organización do mercado galaico - romano Galaicoi e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da IV Romaría Galaico - Romana Galaicoi", conforme á oferta presentada pola empresa e nas mesmas condicións.

**Cuarto:** Notificar ás empresas adxudicatarias, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Quinto:** Notifíquese ao responsable dos contratos e á Intervención municipal para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**F) Proposta de mantemento das prórrogas do contrato do Lote 2 do expediente 2019/C004/000013 do servizo de realización de actividades de recreación e teatrais durante a IV Romaría Galaico-Romana "Galaicoi", a celebrar no Concello de Cambre. Expediente núm. 2019/C004/000013 (lote 2)**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

"Por resolución nº 401/2019 do concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, de data 28 de febreiro de 2019 aprobouse a actividade, desenvolvemento e orzamento da IV Romaría Galaico Romana 2019 "Galaicoi.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día 12 de xullo de 2019, adoptou, entre outros, o acordo de adxudicación do lote nº 2 no expediente nº 2019/C004/000013, para execución do servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico dentro das actividades da Romaría Galaico Romana "Galaicoi", á entidade que seguidamente se relaciona:

- Lote nº 2: Servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico dentro das actividades da Romaría Galaico Romana "Galaicoi"), á empresa "Artestudio Xestión Cultural, S.L.", con NIF \*\*\*\*\*6008 e domicilio na rúa Marina Nieto Álvarez nº 12, 15009 A Coruña, no prezo ofertado para o ano 2019, co compromiso de mantelo para o caso de que se acordase a prórroga contractual ao ano 2020, de 1.960,00 euros sen IVE (2.371,60 euros IVE incluído)

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 26 de decembro de 2019, adoptou, entre outros, o acordo de prórroga á anualidade 2020 do contrato suscrito para a execución do servizo de realización de actividades de recreación e teatrais durante a IV Romaría Galaico-Romana "Galaicoi" a celebrar no Concello de Cambre, correspondente ao lote nº 2 do expediente: 2019/C004/000013:

- Primeiro: aprobar a prórroga á anualidade 2020 do contrato suscrito con data do 17 de xullo de 2019 coa entidade "Artestudio Xestión Cultural, S.L.", para o lote nº 2 do expediente 2019/C004/000013 (Servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico dentro das actividades da Romaría Galaico Romana "Galaicoi").

A crise sanitaria ocasionada polo Covid-19 motivou a declaración do estado de alarma, establecéndose medidas de contención en diversos ámbitos, manténdose algunhas destas na actualidade, facendo imposible a celebración da edición correspondente ao ano 2020 da Romaría Galaico Romana "Galaicoi" nas datas inicialmente previstas e desaconsellándose, polo incerto da evolución da pandemia, un posible adiamento da Romaría para a súa celebración nos próximos meses de 2020.

Dende a Concellería de Turismo e Patrimonio do Concello Cambre solicitóuselle á empresa adxudicataria que puxese de manifesto a súa conformidade co mantemento do contrato, no caso de que a Romaría Galaico Romana "Galaicoi" puidera celebrarse no vindeiro ano 2021, en datas similares ás que viñan realizándose ata o de agora, en igualdade de condicións, conforme á oferta presentada, nas mesmas condicións e dando cumprimento aos requirimentos precisos para a súa execución, achegando no momento oportuno a documentación acreditativa do cumprimento das condicións acreditativas da capacidade para contratar coa administración e da dispoñibilidade dos medios precisos para a execución do contrato que dende o Concello lle fora solicitada.

A empresa indicada manifestou a súa vontade de executar o contrato do que era adxudicataria, conforme á oferta presentada, nas mesmas condicións e dando cumprimento aos requirimentos precisos para a súa execución, comprometéndose a aportar no momento oportuno a documentación acreditativa do cumprimento da

súa capacidade para contratar coa administración e da dispoñibilidade dos medios precisos para a realización do contrato que dende o Concello lle sexa solicitada.

Visto o informe emitido polo técnico en promoción económica, de data 22 de xuño de 2020, no que se propón manter a prórroga do citado contrato para o ano 2021, tendo en conta que isto supón manter o dereito da empresa adxudicataria á prestación dos servizos que tiña contratados nas mesmas condicións, e xa que tamén supón unha axilización na tramitación administrativa, un incuestionable aforro en termos de tempos de tramitación e, por conseguinte, unha mellora na eficiencia e na eficacia da xestión dos recursos públicos.

Tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Manter a prórroga do contrato do «*Servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico dentro das actividades da Romaría Galaico Romana "Galaicoi"*», á empresa "**Artestudio Xestión Cultural, S.L.**" para o ano 2021, para o caso de que a Romaría poida celebrarse, de conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos "Servizos de realización de actividades de recreación e teatrais durante a IV Romaría Galaico - Romana "Galaicoi", conforme á oferta presentada pola empresa e nas mesmas condicións.

**Segundo:** Notificar á empresa adxudicataria, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notifíquese ao responsable do contrato e á Intervención municipal para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia